



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTENOVE DE MAIO DO ANO DOUS MIL DEZ.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e cinco minutos do día vintenove de maio do ano dous mil dez, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

Dna. Rosa Nora González

D. Benito Vázquez Vázquez

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado.

Dna. María Belén González González.

D. Jesús Deibe Fernández Simo.

D. Cayetano Carballo Suárez.

Actúa como Secretaria, o Secretaria da Corporación, D^a. Laura Fernandez Permy e non asisten os concelleiros D. Antonio Estévez González e D. Francisco Veloso González

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DO ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTESETE DE MARZO DO ANO DOUS MIL DEZ.

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria celebrada en data vinteseite de marzo de dos mil dez, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Non presentándose ningunha observación a dita acta

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data trinta de xaneiro de dous mil dez, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Fernando Rodríguez Broullón, Dna. Rosa Nora González, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (sete votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as D. Francisco Veloso González e D. Antonio Estévez González (por inasistencia) (dous abstencións)



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PUNTO SEGUNDO: DAR CONTA DO DECRETO DE LIQUIDACIÓN CONTA XERAL 2009.

O Alcalde-Presidente, Sr. LAMELA Bautista, sinala que se da conta do decreto da Alcaldía da Liquidación do ano 2009 (que se recolle a continuación) e que foi remitida xunto coa convocatoria do Pleno:

“DECRETO

Visto o expediente de liquidación do presuposto deste concello correspondente ao exercicio de 2009, en cumprimento do disposto nos arts. 191.3 do RD. Legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido la Lei de facendas locais e 90.1 do Real decreto. 500/1990, de 20 de abril, a través do cal se desenvolven diversos aspectos da citada Lei, esta Alcaldía, ao abeiro das competencias que se lle atribúen nos mencionados preceptos;

RESOLVE:

PRIMEIRO: Aprobar a liquidación do orzamento xeral deste concello, correspondente ao exercicio de 2009, de acordo co seguinte detalle de resultados:

1. RESULTADO PRESUPUESTARIO:

CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a) Operaciones corrientes	1.861.628,11	1.681.620,97	180.007,14
b) Otras operaciones no financieras	453.774,72	214.455,71	239.319,01
1.Total operaciones no financieras (a+b)	2.315.402,83	1.896.076,68	419.326,15
2.Activos financieros			
3.Pasivos financieros		25.942,00	-25.942,00
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO	2.315.402,83	1.922.018,68	393.384,15
AJUSTES:		11.874,22	
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales			
5. Desviaciones de financiación negativas del ejercicio		39.018,89	
6. desviaciones de financiación positivas del ejercicio		387.850,89	
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO			56.426,37

B. REMANENTE DE TESOURERÍA

COMPONENTES

IMPORTES AÑO

IMPORTES AÑO ANTERIOR

1.Fondos líquidos (+)		426.205,72		255.579,86
2.Derechos pendientes de cobro (+)		569.813,06		468.046,69
- del Presupuesto corriente (+)	231.702,03		211.891,11	
- del Presupuesto cerrados (+)	336.722,92		255.184,73	



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- de operaciones no presupuestarias (+)	2.081,11		3.146,26	
- cobros realizados pendientes de aplicación definitiva (-)	-693,00		-2.175,41	
3.Obligaciones pendientes de pago (-)		300.963,29		421.955,21
-del Presupuesto corriente (+)	361.194,65		437.276,07	
- de Presupuesto cerrados (+)	86.099,43		143.910,15	
- de operaciones no presupuestarias (+)	127.281,38		114.390,16	
- de pagos realizados pendientes de aplicación definitiva (-)	-273.612,17		-273.612,17	
I. Remanente de tesorería Total (1+2-3)		695.055,49		301.671,34
II. Saldos de dudoso cobro		102.626,24		63.481,89
III. Excesos de financiación afectada		283.242,08		19.000,00
IV. Remanente de Tesorería para Gastos generales (I-II-III)		309.187,17		219.189,45

SEGUNDO: Desta liquidación daráselle conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

TERCEIRO: Remítanse copias da presente liquidación á Administración Xeral do Estado, a través da Unidade Provincial de Coordinación coas Facendas Territoriais (Delegación de Economía e Facenda da Provincia), e á Comunidade Autónoma, a través da Delegación Provincial da Consellería de Economía e Facenda.

CUARTO: Unha vez que se aprobe polo Pleno Municipal a Conta Xeral, a cal se deberá obter sobre a base desta liquidación, enviarase unha copia da mesma, a efectos da preceptiva fiscalización externa, ao Consello de Contas de Galicia, debendo de estar a disposición deste organismo, e a partir dese momento, cantos documentos e xustificantes integran a referida Conta e liquidación.
Lobios, 7 de maio de 2010“

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo, sinala que se debe estudar o porcentaxe de débeda recoñecida, polo que deben reunirse os grupos políticos para estudar a posibilidade de solicitar algún préstamo para a débeda que ascende a 1.400.000,00 euros.

PUNTO TERCEIRO: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO: Nº 3/2010.

O Alcalde-Presidente, Sr. LAMELA Bautista, da conta da proposta de Alcaldía, que foi remitido xunto coa convocatoria, e que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polos acredores, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, asimismo, o Informe de Reparos de Secretaria- Intervención, proponse a adopción do seguinte acordo,

1º) *Que se proceda ao levantamento do reparo, de conformidade co art. 217 do TRLRFL.*

2º) *Que se aprobe o recoñecemento extrajudicial de crédito, por importe total de trescentos corenta e seis euros con doce céntimos (346,12 €), co seguinte detalle:*



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

PROVEEDOR	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
CAFE BAR CUBANO	Comida a Voluntarios da limpeza do centro de saude	11.22601	58,00 €
CONFECCIONES MINIA Y DORA S.L.	Confección e telas das cortinas do centro de salud	41.212	153,12 €
MALLETA S.L.	Pago Diesel camión basura	442.221	135,00 €

3º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xenere, e se proceda ao pago a D. Manuel Paz León, como gasto “ suplido”, por tratarse duns gastos que foron pagados por el.

En Lobios, a 20 de maio de 2010.

O Alcalde.”

Continua decindo que as facturas se tratan de facturas relativas ao incendio do Centro de saude, sendo facturas do pago da comida dos voluntarios, da realización das cortinas do centro de saude e o pago dun gasoleo do camion lixo.

Concedida a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PSG-PSOE, Sr Paz Leon, indica que se ten unha relación das persoas que traballaron no Centro de saude, tamen hai unha factura das cortinas que Pilar comprou a tela e a confeccionou Dora e o pagou el e tamen hai outra factura do camion do lixo que se non se pagaba non había gasoleo e que pagou duns 135 €.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que recoñecendo o esforzo de cada concelleiro, xa que el tamen pagou unha factura de cincocentos euros, entende que as facturas teñen que ser debatidas previamente a entrada xa que hai outros que están esperando e por iso seguían a liña que manteñen ños últimos plenos.

Concedida a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PSG-PSOE, Sr Paz Leon pregunta dende cando se lle debe a factura de cincocentos euros

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo responde que dende decembro

Concedida a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PSG-PSOE, Sr Paz Leon indica que a el se lle debe dende fai tres anos

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que van a seguir unha liña coherente, continua decindo que o seu grupo vota que non xa que se debe facer xunta de portavoces e decidir o voto.

Toma a palabra o Sr Alcalde-Presidente e indica que hai que seguir as pautas legais, pero indica que os servizos se deben seguir prestando e a Administración non dá unha solución directa xa que as veces se paralizan os procesos e hai que por diñeiro dos recursos propios para que o servizo continúe, e isto abarca á vontade

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado, indica que aínda que están de acordo cos criterios do portavoz do BNG, o voto do seu partido é favorable xa que son facturas que afectaron ao incendio do Centro de saude e o pago de diesel para o camion do lixo, e que se trata de facturas do ano 2007, polo que foi un esforzo que asumiu o concelleiro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que a maneira de actuar é o recoñecemento extraxudicial.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por maioría absoluta co seguinte resultado:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Nora Gonzalez, Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, , González González, (sete votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Estévez González e Veloso Gonzalez (duas abstencións por inasistencia).

VOTOS EN CONTRA: Sres./as. Fernández Simo, Carballo Suárez (dous votos en contra)

PUNTO CARTO: DECRETOS DOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DO 2010.

O Sr. Alcalde da lectura á relación de Decretos emitidos pola Alcaldía durante os meses de xaneiro e febreiro de 2010

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado indica que na relacion de decretos non consta o decreto de dezaioito de febreiro de 2010 relativo a contratacion do chofer da rozadora, e solicita que se aclare o de que a Deputacion non recibiu a documentacion da solicitude.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e explica que a Deputacion se lle remitiu en tempo e forma a solicitude da subvencion pero ao haber un retraso na comunicacion da subvencion foi a secretaria a deputacion e se lle dixo que ali non estaba presentada, enton foi el mesmo e lle dixeron que habia que demostrar que se remitira por correo, polo que se levou a documentacion de correos, na reunion co Presidente da Deputacion dixo que se ia a subsanar, pero o secretario da Deputacion dixo que non estaba en prazo, polo que o Concello se exime da responsabilidade nese plano, continua decindo que para solucionar a limpeza das carreteras se tivo outra reunion co Presidente e se lle pediu un chofer para a limpeza, pero o presidente dixo que non era posible polo que se buscou outra solución que é a de ceder o tractor a Deputacion e o chofer o pon a Deputacion.

Concedida a palabra á Voceira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Yáñez Salgado pregunta se por parte do Concello se cumpriu o prazo e que se agora hai unha cesion do tractor para limpar as carreteras.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde que si.

PUNTO QUINTO: MOCIONS E PROPOSTAS DOS GRUPOS POLITICOS PRESENTADAS NO REXISTRO MUNICIPAL.

Se indica polo Sr Alcalde-Presidente que non se presentaron mocions antes da convocatoria do Pleno.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que presentou o martes un escrito ao Concello pedindo a regularización da selección de persoal de servizos sociais e como non vai no orde do dia pide que sexa lida e estudada polos grupos políticos e se traia ao proximo pleno, continua dicindo que é unha proposta para os servizos sociais ainda que pode servir para todo o Concello, indica que no escrito se presentaban tres cuestion, a primeira relativa a cuestión do bochorno que lles produce os novecentos e pico mil euros do Valoiro que non entende e pide que o pleno someta a debate como e posible que se gaste niso.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que hai que motivar a urxencia.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez indica que isto necesita un estudo previo polo que debe deixarse para o proximo pleno.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que en breves habera un pleno polas Contas polo que se pode deixar para o proximo pleno.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que somete a votación de urxencia (art.. 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro) o seguinte asunto relativo ao servizo de farmacopeia, indica que dito servizo se intentou activar fai dous anos que consistía en que as auxiliares do servizo de axuda no fogar levasen os medicamentos aos veciños, sendo o primeiro Concello que o solicitu, naquel momento se recibiu un escrito dicindo que o Concello non tiña a capacidade para custodiar farmacos, pero a sorpresa foi cando o Concello de Ourense activou dito servizo e a Consellería de sanidade non dixo nada, continua dicindo que para posibilitar a sinatura dos protocolos se precisa a garantía da Dirección Xeral de Saude Pública, polo que quere traer ao pleno dito asunto para que os grupos municipais políticos den o seu apoio e que a Consellería diga porque a uns Concellos se lle permite e a outros non.

Sometida a votación a urxencia, resultou aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Nora Gonzalez, Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, , González González, Fernández Simo, Carballo Suárez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Estévez González e Veloso Gonzalez (duas abstencións por inasistencia).

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que o acordo a adoptar sería o seguinte: solicitar a Dirección Xeral de Saude Pública o mesmo trato que para outros Concellos, xa que a pesar de ser o primeiro Concello que solicitou o servizo de farmacopeia fundamentado nas leis do ano 1993 e 2008, a Dirección Xeral interferiu no servizo e non permitiu que se prestara dito servizo polas auxiliares de axuda no fogar que están cualificadas para o mesmo.

Concedida a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PSG-PSOE, Sr Paz Leon pregunta que gasto produce.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo responde que as auxiliares da axuda no fogar cobrarían o desprazamento pero tamén están incluídos nas nominas un plus de transporte que xa cobran polo que non tería coste para o Concello, polo que hai que intentar que sanidade non se opona xa que conta co apoio dos médicos e dos farmacéuticos.

Concedida a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PSG-PSOE, Sr Paz Leon indica que a médico e a farmacéutica non estaban de acordo.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo responde que iso non é certo xa que o colexio de farmacéuticos só puña de condición que fose na farmacia municipal pero dician que non ían a asumir ningunha decisión en contra de sanidade.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez indica que no escrito que se remitiu non se puña ningunha pega pero que non podía contribuir porque non se podían cumprir algúns requisitos como levar os medicamentos en neveira, os que o precisen...

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que o problema foi que non se recoñecía a competencia sociosanitaria do Concello e a súa pregunta é porque en Lobios non é en Ourense si.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez responde que posiblemente o Concello de Ourense na súa exposición puña unhas condicións que o Concello de Lobios non podería cumprir, continua dicindo que esta de acordo en reiterar a solicitude e xa contestaran dicindo se si o se non.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que se debe solicitar que expliquen en que basaron a súa anterior contestación xa que se vulnerou todo en materia social xa que ese é un



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

servizo para os dependentes con tratamentos cronicos, non é para todos pero este sevizo o fan os veciños cobrando un euro por receta.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez indica que non cren que se cobre.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que si e que a Administracion debe solucionar estos problemas, continua decindo que so se pide que deixen facer un servizo que se pode dar.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez pregunta se o escrito estaba ben redactado.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo responde que o escrito pasou polo colexio de farmaceuticos,pero entende que era algo novo.

Toma a palabra o Sr Alcalde-Presidente e indica que a parte dura foi no colexio de farmaceuticos que se opuña, polo que propoñe que se adopte o seguinte acordo: *Instar a Direccion Xeral de Saude Publica para que permita ao Concello de Lobios a que poña en funcionamento o servizo de farmacopedia no fogar tal e como se fixo no Concello de Ourense.*

Sometida dita proposta a votacion resultou aprobada pola unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Nora Gonzalez, Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, , González González, Fernández Simo, Carballo Suárez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres./as Estévez González e Veloso Gonzalez (duas abstencións por inasistencia).

PUNTO SEXTO: ROGOS E PREGUNTAS.

1.- Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Gonzalez Gonzalez, pon de manifesto que o outro dia estiveron no polideportivo e que o estado era de total ruina, consideran que non se pode realizar ningun acto ata que se arranxe, tamen queren matizar a suciedade que había, indican tamen que habia cadeiras do multiusos ali abandonadas e queren facelo constar no acta.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que o polideportivo esta en mal estado de orixe, que se recepcionou e na fase de garantia non se admitiu xa que os servizos se caen e isto se lle comunicou a Deputacion e o Presidente dixo que se lle comunicou a empresa constructora, e como non se solucionou se mandou outro informe do arquitecto, esta semana chegou unha carta do director da obra na que se indica que esta comunicandose coa empresa para arranxala.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Gonzalez Gonzalez, indica que quere matizar que consideran que o polodeportivo non se poderia utilizar porque pode haber riscos, indica tamen que hai abandono en canto a limpeza.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde que non se pode ter costes de limpeza sen que se arranxe previamente, continua dicindo que o Concello non ten nada que facer e a resposta é do organo competente que é a Deputacion.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. Gonzalez Gonzalez, indica que nos servizos non se pode entrar.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que as tres veces que se usou foi na maratón de fútbol sala e as tres cadeiras son dos árbitros e houbo unha señora que o limpou e estaba perfectamente limpo, indica que é certo que esta mal e que foi a Deputación a que fixo a obra xunto coa Xunta e o Concello.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que esta en mans do informe técnico.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez indica que debe pecharse e evitar que se entre.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PSG – PSOE, Sra. Nora González indica que se debe limpar e precintar.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que foi a Deputación a que o adxudicou e a que devolveu a garantía, xa que para o Concello esta en estado de obra inacabada, porque aínda que se recibiu agora hai vicios ocultos que afloran.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sra. González González, indica que están de acordo en que non se pode usar pero xa en plenos anteriores consideraron que non se podía usar, e agora o comprobaron, polo que debe pecharse.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que agora é o técnico o que no seu informe o debe calificar.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez indica que quere que se pechen as portas.

2.- Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que dada a situación económica que se manifesta e dados os datos da debeda de Lobios se debe traballar en dúas liñas: a través dunha xunta de portavoces mirando as inversións prioritarias que se deben levar adiante con fondos propios ou condicións que legalmente o permitan e determinar cales son as actuacións nas que debe intervir a brigada de obras polo que propoñe falar disto e que a brigada faga esas obras e arranxar as cuestións que sexan precisas.

Continua dicindo que chegou oa seus oídos que estivo presente na feira a falanxe, di que el e dos que pensa que ese partido se debe ilegalizar xa que defenden cuestións en contra, polo que pide que se evite a presenza deles na feira de Lobios, di que se debe actuar con anterioridade xa que se colocan nunha mesa e fan publicidade, recorda que fai uns anos un grupo destes se asentou na zona e houbo problemas polo que se debe de evitar que se poñan aquí.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez indica que pode haber un problema xa que, e un partido legalmente autorizado e non se ten competencias para prohibir que un partido político dea as súas ideas.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que igual que unha persoa non pode vir a vender sen a autorización, eles non poden estar sen ela, e o Concello pode evitar isto cun reglamento.

Concedida a palabra ao Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez indica que a secretaria estude o problema e que informe ao alcalde, e tamén se debe comunicar a Garda Civil para que actúe se ve algo así.

Concedida a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PSG-PSOE, Sr Paz Leon indica que en relación a brigada de obras non é certo que non se faga o que se pide xa que están traballando en Grou e o único que se denegou en Grou foi o camiño de Requeixo porque había moito traballo e se lles dixo que de momento non se podía facer, continua dicindo que se pode dar a relación dos traballos que se están facendo.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
P – 3204300 – B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e indica que se fixo unha proposta a Deputacion para reparar as carreiras e se recibiu un escrito da Deputacion na que se indicaba que o Concello tiña que ingresar 13.000 euros polo material e a deputacion puña os traballadores, solicitado un orzamento a unha empresa indica que dita obra se podería facer pola metade, ademais o ingreso deste diñeiro tería que facerse de maneira previa, polo que se fala coas comunidades de montes para intentar que se fagan cargo destes gastos.

Concedida a palabra a concelleira do Grupo Político Municipal do PSG – PSOE, Sra.. Nora González pregunta se e habitual que se lles cobre aos Concellos.

3.- Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo pregunta cal é o prazo para arranxar o muro do pobo de Quintela do que se falou con EDP.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde que estiveron os técnicos de EDP e que chegaron a un acordo e despois se lles volveu a requirir xa que tamen se engade o problema de Rivas de Arauxo, indica que é complicado pero se esta traballando niso xa que o arquitecto esta facendo os informes oportunos e despois habera que seguir o procedemento legalmente establecido.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo indica que se empeña en temas burocráticos e a realidade social vai a outro ritmo.

4.- Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo pregunta que en relación coa Confederación Hidrográfica e Riocaldo qué se pretende facer en Lobios se a confederación segue nesa actitude.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente e responde que o día de antonte houbo unha reunión co Avogado do Estado, o Secretario da Subdelegación e coa Fundación para desatascar legalmente o que a Confederación non se atreve e se acordou que o luns se empecen a activar as actuacións para legalizar o tramo que estaba pactado, polo que en dez días podería estar a solución segun o testimonio do Avogado do Estado.

Concedida a palabra o voceiro do Grupo Político do BNG Sr. Fernández Simo pide unha solución por parte do Estado e en relación co tema da EDP que o Concello actúe urxentemente.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e vintecinco minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

A Secretaria Interventora

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy